

FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO



MANUAL DE SENDEIROS DA FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO

Outubro 2012

O presente “**Manual de Sendeiros da Federación Galega de Montañismo (FGM)**” é un documento co fin de marcar as pautas para a realización de sendeiros e o seu mantemento en Galicia.

Así mesmo, a súa necesidade xorde pola conveniencia de completar o “Manual de Senderos”, aprobado pola FEDME, no que respecta ós sendeiros de Galicia.

Este manual é complementario ó manual da FEDME, non obstante de aplicación preferente en Galicia. Polo tanto todo o non indicado neste manual, quedará baixo a normativa da FEDME e nos casos que poida haber contradicións prevalecerá o da FGM.

É un manual continuísta do existente dende 2009, e só incorpora algúns pequenos datos a maiores para facilitar a súa aplicación.

Índice do manual

| | |
|--|----|
| 1.- Tipos de sendeiros homologados en Galicia..... | 3 |
| 1.1.- Sendeiros de Gran Percorrido galegos..... | 3 |
| 1.2.- Sendeiros de Pequeno Percorrido galegos..... | 3 |
| 1.3.- Sendeiros Locais e Urbanos..... | 3 |
| 1.4.- Variantes e derivacións..... | 4 |
| 2.- Tipos de sinais..... | 5 |
| 2.1.- Descrición dos sinais dos sendeiros GR e PR-G..... | 5 |
| 2.1.1.- Sinais sobre o terreo..... | 5 |
| a.- Marcas de continuidade:..... | 5 |
| b.- Marcas de dirección equivocada:..... | 6 |
| c.- Marcas de cambio de dirección:..... | 6 |
| d.- Marcas de cambio brusco de dirección:..... | 7 |
| e.- Marcas de identificación do sendeiro ou baliza:..... | 7 |
| 2.1.2.- Sinais sobre soportes mobles..... | 8 |
| a.- Postes:..... | 8 |
| b.- Frechas:..... | 8 |
| c.- Paneis:..... | 10 |
| 2.2.- Sinalización dos tramos nos que coinciden dous ou máis sendeiros..... | 10 |
| 3.- Criterios, soportes e frecuencia dos sinais. Puntos de colocación obrigatoria..... | 11 |
| 4.- Divulgación dun sendeiro mediante folletos..... | 12 |
| ANEXO I..... | 13 |
| ANEXO II..... | 21 |
| ANEXO III..... | 24 |

1.- TIPOS DE SENDEIROS HOMOLOGADOS EN GALICIA.

1.1.- Sendeiros de Gran Percorrido galegos.

Denomínanse coas letras GR e un número. A normativa aplicable é a da FEDME, salvo no concenrente ás derivacións. Terán máis de 50 km.

Os sendeiros galegos GR poderán ter variantes que serán marcadas coas mesmas características cós GR.

Porén, as derivacións serán marcadas cos mesmos criterios de discreción, eficacia e limpeza pero utilizarán as marcas que a FGM designa para as derivacións destes sendeiros.

1.2.- Sendeiros de Pequeno Percorrido galegos.

Denomínanse coas letras PR-G e un número. A normativa aplicable é a da FEDME, salvo no concenrente ás derivacións.

Os sendeiros galegos PR-G poderán ter variantes que serán marcadas coas mesmas características cós PR-G.

Porén, as derivacións serán marcadas cos mesmos criterios de discreción, eficacia e limpeza pero utilizarán as marcas que a FGM designa para as derivacións destes sendeiros.

1.3.- Sendeiros Locais e Urbanos.

Respecto a este tipo de sendeiros, polas características propias do territorio galego e polo mantemento homoxéneo de criterios cos sendeiros xa realizados e homologados, non parece conveniente a súa implantación.

No ámbito do territorio galego non serán válidos, nin serán homologados sendeiros con estes sinais por decisión da FGM. Non obstante, a FGM resérvase o dereito a establecer reclamacións contra aqueles que utilicen estes sinais, xa que están rexistrados pola FEDME.

1.4.- Variantes e derivacións.

As variantes son sendeiros que parten e conflúen nun mesmo sendeiro en dous puntos diferentes. As variantes serán marcadas coma o propio sendeiro do que parten e denominadas por números correlativos. Será aplicable a normativa FEDME ó respecto.

As derivacións serán reguladas por este manual. Son tramos, sempre sinalizados, que parten dun GR ou dun PR-G homologados e que vinculan ós sendeiros con elementos achegados e de interese. O percorrido de ida e volta dende e ata o sendeiro principal, será pola mesma dirección e en sentidos contrarios. Sempre levarán a sinalización que este manual dita para as derivacións, e nunca poden ter a mesma sinalización que o sendeiro principal ou as variantes.

2.- TIPOS DE SINAIS.

2.1.- Descrición dos sinais dos sendeiros GR e PR-G.

2.1.1.- Sinais sobre o terreo.

Tamén son denominados como sinais horizontais por afinidade coa nomenclatura dos sinais automobilísticos. Son os sinais para os soportes naturais ou artificiais existentes no percorrido.

As cores de referencia serán as seguintes:


- COR BRANCA
 - Titanlux branco 566E
 - CMYK 0 0 0 0
 - RGB 255 255 255
- COR AMARELA
 - Titanlux amarelo 568
 - CMYK 0 14 100 0
 - RGB 255 220 0
- COR VERMELLA
 - Titanlux Vermellón 563
 - CMYK 0 100 100 0
 - RGB 218 37 29

Os sinais serán os indicados pola normativa da FEDME con algunhas diferenzas (respecto dos tamaños será válido o Anexo I deste documento):

a.- Marcas de continuidade:

Dous rectángulos paralelos separados entre si (as medidas están indicadas no manual da FEDME). O superior será de cor branca e o inferior vermella nos GR e amarela nos PR-G. Non son admisibles outras cores.


Nas derivacións os sinais terán, por riba, en diagonal de arriba á dereita ata abaixo á esquerda unha barra ou liña de cor branca.



b.- Marcas de dirección equivocada:

Símbolo X ou cruz de Santo Andrés. O trazo branco será continuo e estará pintado de arriba á dereita ata abaixo á esquerda. O outro trazo, interrompido polo branco, terá a cor que lle corresponda ó sendeiro.

Nas derivacións estes sinais non terán variación.



c.- Marcas de cambio de dirección:

Este sinal sempre é preferible ó sinal de cambio brusco de dirección.

Son dous trazos paralelos que simulan o cambio de dirección. Sempre o exterior (ou envolvente) será de cor branca.

Nas derivacións estes sinais non terán variación.



d.- Marcas de cambio brusco de dirección:

Quedan totalmente desbotados os sinais antigos con dobre liña de confirmación e unha de xiro.

A súa composición actual é idéntica os sinais de continuidade engadindo un ángulo recto por baixo, na dirección do xiro.

Nas derivacións os trazos superiores terán, por riba, en diagonal de arriba á dereita ata abaixo á esquerda unha barra ou liña de cor branca.

A súa utilización será moi residual, tendendo a desaparecer, sendo preferibles e máis axeitados os de cambio de dirección indicados no punto anterior, por ser moito máis fáciles de interpretar para os novos sendeiristas. A súa utilización deberá ser razoada ante a FGM mediante criterios técnicos (non serán aceptados criterios económicos).



e.- Marcas de identificación do sendeiro ou baliza:


Esta indicación permite identificar as rutas, polo tanto é de vital importancia o seu uso ó longo dos sendeiros. Por non estar definido no manual da FEDME, facemos unha descrición exhaustiva.

A súa forma é dun cadrado de 15 centímetros de lado. O seu fondo terá a cor do sendeiro (vermella para GR e amarela para PR-G, sendeiros e variantes) e sen ningunha orla. Este fondo, no caso das derivacións terán unha barra branca en diagonal dende arriba á dereita ata abaixo á esquerda.

As inscricións serán en cor branca nos GR, e en cor negra no resto (nos PR-G, nos GR nas derivacións e nos PR-G nas derivacións).

Só terán dúas liñas de texto que estarán centradas no cadrado respecto ós eixos de simetría do mesmo. Deberán ocupar un

tamaño aproximado a 2/3 da superficie. A tipografía será a recomendada pola FEDME no seu manual, a Arial, a DomCasual BT, ou outra de similares características que garanta a fácil lectura. A liña superior será GR ou PR-G, segundo o tipo de sendeiro, e a liña inferior será o número do sendeiro ou variante. No caso das derivacións, tamén levarán o número do sendeiro.



2.1.2.- Sinais sobre soportes móbiles.

Tamén son denominados como sinais verticais por afinidade coa nomenclatura dos sinais automobilísticos. Son os sinais como postes, frechas e paneis, os cales non son soportes de orixe natural.

a.- Postes:

Son elementos que se chantan no chan. En xeral son baixos, e poden ser de diferentes materiais e formas, sendo preferibles os materiais naturais (por exemplo madeira) e de seccións cadradas ou redondas. Levarán pintadas as cores do sendeiro segundo as indicacións do apartado anterior, con marcas de continuidade, non continuidade, xiro e balizas con numeración.

Estes elementos están indicados en zonas sen lugares que soporten as marcas de pintura ou en zonas de árbores de cortiza de rápida muda (por exemplo os eucaliptos). Tamén en zonas de mato baixo e vexetación abundante, ou zonas de prados, onde a colocación dos sinais pode chegar a ser un gran problema. Nestes casos é recomendable incluso colocar postes de máis de medio metro de altura dende o chan, sobre os que serán pintados os sinais.

b.- Frechas:

Xeralmente estes elementos estarán situados nun poste de altura próxima ou superior ós 2 metros sobre o chan. Son elementos planos cun extremo recto e outro en forma de frecha. Indicarán os elementos do sendeiro, as rutas correctas, as variantes, as derivacións, os lugares próximos de interese, etc.

Sobre o poste poderán ir unha ou varias frechas, sempre buscando a máxima conxunción entre o ángulo indicado e a realidade do territorio.

Na parte dianteira levarán un corte en ángulo que simula una frecha e na parte traseira será en corte recto. As frechas deben levar información polo anverso e tamén poden levar polo reverso.

Na información haberá que diferenciar as frechas dependendo da súa tipoloxía:

b.1.- Sinais de confirmación de sendeiro: Levarán na parte traseira unha baliza pintada de 15x15cm coas cores do sendeiro, indicación do número e tipo de sendeiro segundo as descrições dos puntos anteriores. Levará na parte dianteira o nome do lugar cara onde sinala. A ser posible tamén se indicará a distancia en metros ata ese lugar evitándose as referencias en tempos (xa que isto non son datos tan obxectivos é fiables).

b.2.- Sinais de información de elementos achegados: Indicarán lugares de aprovisionamento, teléfonos, lugares de durmida ou elementos paisaxísticos ou culturais dignos de mención. Terán a mesma información que os de confirmación de sendeiro, pero nunca levarán unha baliza nin as cores do sendeiro. A información pode ser mediante iconas de fácil interpretación.

| Sinais de confirmación de sendeiros | |
|---|--|
| Exemplo de frecha en GR | |
| Exemplo de frecha en PR-G | |
| Exemplo de derivación | |
| Exemplo de sinal | |
| que informa de lugares cercanos dende o sendeiro pero que non pertencen á ruta sendeirista. | |

c.- Paneis:

Tódolos sendeiros terán obrigatoriamente no inicio e no final un panel (no caso de rutas circulares será un só). Quedará a opción do ente promotor incluír máis sinais durante o percorrido ou nos lugares máis característicos, sendo unha práctica moi recomendable. Será preceptivo tamén, que nas derivacións que supoñan máis dun 10% sobre o percorrido principal exista un panel en cada unha delas (no extremo máis lonxe do percorrido principal).

Os paneis de inicio e final deberán contar, coma mínimo, con:

- Baliza coas cores, tipo e número do sendeiro de tamaño 15x15cm no vértice superior dereito.
- Nome do sendeiro.
- Breve descrición gráfica e con texto dos sinais sendeiristas utilizados.
- Mapa ou plano do sendeiro que inclúa a escala e coa indicación de “vostede está aquí”.
- Perfil gráfico da ruta con esaxeración vertical 1x10.
- Debe ter unha lenda con “Sendeiro Sinalizado”, ano de homologación, entidade promotora e entidade homologadora.
- Debe incluír o MIDE e, obrigatoriamente, o cadro descritivo do MIDE.
- Ten que ter o escudo da Federación Galega de Montañismo.

Outros paneis durante o percorrido deberán contar como mínimo con:

- Baliza coas cores, tipo e número do sendeiro de tamaño 15x15cm no vértice superior dereita.
- Nome do sendeiro.

2.2.- Sinalización dos tramos nos que coinciden dous ou máis sendeiros.

A normativa será a emitida pola FEDME, se ben, polas características do territorio galego serán obrigatorios os sinais de balizas (de tamaño 15x15cm) non a 50 metros dos puntos de coincidencia, senón a menor distancia e sempre visibles. En todo caso a distancia non excederá de 25 metros das conexións.

No Anexo II incorpóranse uns exemplos de bo uso e mal uso destes sinais.

3.- CRITERIOS, SOPORTES E FRECUENCIA DOS SINAIS. PUNTOS DE COLOCACIÓN OBRIGATORIA.

As normas son coincidentes coas da FEDME tanto en criterios de localización dos sinais, lugares obrigatorios onde deben aparecer, soportes de sinais e continuidade na sinalización.

Porén, polas características da pluviosidade e crecemento da vexetación en Galicia, evitarase a marcaxe sobre a superficie do chan, quedando como último recurso, preferíndose os sinais altos (a altura da vista) que os de media altura.

Tamén polo mesmo motivo primará a seguridade sobre a economía no número de sinais, e será preferible un exceso de sinais que a súa escaseza.

Seguindo na mesma liña anterior, os cruzamentos deberán marcarse como correctos non só ós 25 metros do mesmo senón tamén a 10 metros, e os incorrectos a uns 10 metros do cruzamento, xa que a experiencia indica que a maior parte dos sinais quedarán rapidamente cubertos pola vexetación.

4.- DIVULGACIÓN DUN SENDEIRO MEDIANTE FOLLETOS.

A FEDME enumera no seu manual os contidos recomendables para a creación dunha topoguía, sen facer referencia a contidos e tamaños para folletos. Os contidos deben ser os que orienta a norma da FEDME, pero para o caso dos folletos dos PR-G's en Galicia a presente normativa establece que:

Na portada:

- O tamaño do papel queda a vontade do promotor, pero no formato final de presentación tralo dobrado deberá ter un tamaño de 100x210mm en formato vertical.
- Na portada deberá levar na parte superior dereita un recadro en formato de baliza de dimensións 30x30mm coa identificación da ruta, co fondo en cor amarela e letra negra.
- Debe levar en fondo branco e letra negra o nome do promotor ou o concello por onde vai a ruta.
- Debe levar en fondo amarelo e letra negra o nome da ruta.
- Debe indicar “Ruta sinalizada” no idioma utilizado no folleto.
- Debe indicar mediante texto e pictograma un plano e a súa escala.
- Debe aparecer un plano xeral da península ibérica con Galicia resaltada.
- Debe aparecer un plano de Galicia co/s concello/s por onde transcorre a ruta resaltados.
- Debe aparecer o escudo da Federación Galega de Montañismo.
- A tipografía será a recomendada pola FEDME, a Arial ou outra de similares características que garanta a fácil lectura.
- O resto dos deseños quedan a vontade do promotor.

Na contraportada:


- Escudo da FGM xunto ó número da ruta, nome da ruta, promotor da mesma e ano de homologación.
- O resto do deseño queda a vontade do promotor.

No Anexo III móstranse exemplos do formato.


--- * ---

Este manual foi revisado e entra en vigor dende o 1 de outubro de 2012.


ANEXO I
Tamaños de sinais a utilizar en Galicia.




TAMAÑO ESTÁNDAR




TAMAÑO MÍNIMO




TAMAÑO MÁXIMO



TAMAÑO ESTÁNDAR




TAMAÑO MÍNIMO




200mm

50mm

TAMAÑO MÁXIMO



TAMAÑO ESTÁNDAR



TAMAÑO ESTÁNDAR

ANEXO II

Uso de sinais nas coincidencias de sendeiros GR e PR-G en Galicia.

Cando 2 sendeiros coinciden a sinalización que prevalece é a de maior rango.

Aquí algúns exemplos:



Sinal de continuidade coincidente dun sendeiro GR e un PR-G.

A baliza (o número do sendeiro) é importante indicala nos cruces e conexións.

A orde de cores é branco, vermello e amarelo.

Sinal de non continuidade coincidente dun sendeiro GR e un PR-G.

Informa que nin o GR nin o PR-G seguen por ese camiño.

Só precisa colocarse o sinal do GR, xa que este dá a entender que, por prevalencia, ningún dos dous sendeiros pode continuar de fronte.

Sinal de continuidade dun sendeiro GR.




Informa que o GR segue por ese camiño. Non hai un PR-G que continúe polo mesmo trazado, xa que baixo o branco e vermello non hai amarelo.

A baliza (o número do sendeiro) é importante indicala nos cruces e conexións.

Sinal de continuidade dun sendeiro PR-G.

Informa que o PR-G segue por ese camiño. Non hai un GR que continúe polo mesmo trazado, xa que entre o branco e amarelo non hai vermello.

A baliza (o número do sendeiro) é importante indicala nos cruces e conexións.



Cando 2 sendeiros coinciden a sinalización que prevalece é a de maior rango.

Aquí algúns exemplos:



Sinal de continuidade con xiro á dereita coincidentes GR e PR-G.

A baliza (o número do sendeiro) é importante indicala nos cruces e conexións.


Só precisa colocarse o sinal do GR, xa que este dá a entender que, por prevalencia, os dous sendeiros continúan á dereita.

INCORRECCIONES:

Non se debe colocar un sinal X de PR-G cando un de GR indica o mesmo. Norma de non duplicidade e prevalencia do maior rango.

A orde de cores é branca, vermella e amarela. Outra combinación indica falta de calidade e desidia na marcase.

Os sinais de xiro (a dereita ou esquerda) sempre levan a cor branca por riba, pero nunca son triplas: se coinciden un GR e PR-G se segue a norma de non duplicidade e prevalencia do maior rango.



ANEXO III
Formatos de folletos homologados para sendeiros.

30,00 mm

Nome do Promotor ou do Concello



30,00 mm

Nome da ruta

Concello de Vilariño de Conso GALICIA
Ruta dos Soutos

30,00 mm



Texto: "Ruta sinalizada"



Icona de plano con escala numérica

Ruta sinalizada



1 mapa do percorrido escala 1:12.500

Escudo da FGM



Situación do Concello

Situación de Galicia



Escudo
da
FGM



PR-G 118
Ruta dos Soutos
Vilariño de Conso
Ruta homologada no ano 2009

Ruta e ano
de homologación